

Subfamilia Nymphalinae

Nesta ficha contéplanse as especies da subfamilia Nymphalinae. Bolboretas grandes e de doada identificación. Conta en Galicia con oito especies de presenza habitual.

Nymphalis antiopa



Bordos das ás amarelos ou abrancazados segundo sexan máis novas ou invernantes.

Nymphalis polychloros



Similar á *Aglais urticae*, máis grande e con mancha negra próxima ó bordo das ás anteriores.

Aglais urticae



Sen mancha negra grande no bordo das ás anteriores. A maior parte do reverso da á posterior de cor abrancazado.

Aglais io



Inconfundible. Catro grandes ocelos coloreados con azul, bermello e amarelo.

Vanessa virginiensis



O aspecto dos anversos de *Vanessa virginiensis* e *Vanessa cardui* é moi similar. Para distinguilas é mellor fixarse nos reversos.

Vanessa cardui



Vanessa virginiensis




Vanessa virginiensis presenta dous grandes e patentes ocelos no reverso da á posterior, mentras que *Vanessa cardui* ten tres ou máis de menor tamaño.

Vanessa cardui



Vanessa atalanta



Inconfundible. Negra, laranxa e unhas pinceladas de branco.

Polygonia c-album



Bordos das ás irregulares. No reverso da á posterior presenta un "C" prateado.

Polygonia c-album



Anverso, no que predomina o leonado e manchas negras.

Polygonia c-album



Casulo. Estadio intermedio entre eiruga e adulto. As marcas nacaradas do lombo son características.

As especies dos xéneros *Nymphalis* e *Polygonia* prefiren zonas boscosas, mentras que o resto desta subfamilia prefiren zonas máis abertas e solleiras.

